

Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

GROVE, O

### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE*

#### *ANUNCIO*

Unha vez rematado o período de exposición pública e non habéndose formulado reclamación algunha, enténdese definitivamente aprobado o acordo provisional adoptado polo Pleno, en sesión celebrada en data 09 de decembro de 2025, relativo á aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello do Grove, o que en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, insértase a continuación o seu texto íntegro:

#### *"REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE IGUALDADE DO GROVE*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade é un dos principios reitores da Democracia e do estado de Dereito, cuxo disfrute esixe un desafío positivo e dinámico para toda a sociedade. Todas as persoas somos iguais e gozamos dos mesmos dereitos. Integrar políticas de xénero supón planificar, programar e avaliar actuacións que en materia de igualdade de oportunidades e promoción das mulleres estean dispostas a asumir as administracións competentes.

Correspóndelles aos poderes públicos, a nivel estatal, autonómico, ou local, facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, como instrumento que propicie o libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da orde política e da paz social. Tamén deben promover, as Administracións Públicas, as condicións para que a igualdade sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, debe promoverse e expresarse en todos os ámbitos, tanto en referencia ás persoas individualmente consideradas, como respecto aos grupos de diversa natureza na que se integran.

A lei 7/85 reguladora das bases de Réxime Local, modificada mediante a lei 11/99 de 21 de abril, no seu artigo 4.1 sinala que lle corresponde ao Concello na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial "as potestades regulamentarias e de autoorganización", así como competencias propias e complementarias en materia de promoción das mulleres.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, fai referencia no Capítulo II, sobre o principio de transversalidade (artigo 6) ao “fomento de colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátase de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátase de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentárase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres” e ao “fomento da participación equilibrada das mulleres o dos homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres”.

A Lei galega de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, Lei 2/2007 do 28 de marzo, pretende acadar a igualdade laboral e de oportunidades no mercado de traballo para as mulleres galegas nun marco real e efectivo.

A Lei galega 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, non seu artigo 139, regula a promoción autonómica de medidas municipais de igualdade para que as entidades locais incorporen a perspectiva de xénero en todas as súas políticas, programas e accións administrativas, e tamén o uso dunha linguaxe e unha imaxe non sexistas, colaborando a través da consellería con competencias en materia de igualdade, coas entidades locais para, con pleno respecto á súa autonomía, garantir a igualdade entre mulleres e homes en todo o territorio da Comunidade Autónoma.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de homes e mulleres, establece no artigo 14 sobre Criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos, o “Fomento de instrumentos de colaboración entre as distintas Administracións públicas e os axentes sociais, as asociacións de mulleres e outras entidades privadas”.

Así mesmo resultan de aplicación nesta materia:

- Lei Orgánica 2/2024 de 1 de agosto de representación paritaria e presenza equitativa de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 10/2022 de 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- Lei 15/2022 de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.
- VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes, 2022-2027, de Galicia.
- Lei 4/2023, de 28 de febreiro para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBIQ+.
- Lei 1/2021 de 24 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.
- Lei 23/2018 de 29 de novembro, sobre igualdade de persoas LGTBI.
- Lei galega 2/2014, de 14 de abril pola igualdade sexual.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

O Plan Municipal de Igualdade do Concello do Grove recolle na área de Empoderamento na vida política e socioeconómica, o obxectivo de Fomentar o asociacionismo das mulleres en colectivos de mulleres e mixtos, sendo unha das actuacións recomendadas a Consolidación do Consello Local da Muller (en diante Consello Local de Igualdade) como órgano consultivo e participativo nas temáticas de igualdade de oportunidades.

O actual Plan de Igualdade (III) do Concello de O Grove de 2020-2025 o recolle na Área 5 de Participación Cidadá e das mulleres con diversidade funcional e as súas accións.

A construción dunha sociedade democrática, xusta, equitativa e libre, esixe a presenza feminina en todos os eidos sociais. A esta necesidade responde a creación do Consello Local de Igualdade, como órgano sectorial complementario de consulta, asesoramento e participación, cuxo funcionamento, competencias e composición é preciso regular.

Co Consello Local de Igualdade establécese unha canle de comunicación e colaboración da Administración Pública Municipal co movemento asociativo de mulleres para posibilitar a súa participación en todos aqueles temas que lles afecte en materia de igualdade de oportunidades.

A Concellería de Igualdade propón aos colectivos de mulleres e colectivos con vogalías de muller, á Comisión Informativa e finalmente ao Pleno do Concello do Grove, unha normativa específica para o regulamento do CLI. O obxectivo prioritario é garantir o dereito de participación na vida municipal das cidadás do Grove e atender ás características específicas do colectivo social ao que vai dirixido e ás particularidades organizativas que lle son propias.

## **ARTIGO 1.- OBXECTIVOS DO CONSELLO LOCAL de IGUALDADE**

Serán obxectivos do Consello Local de Igualdade os seguintes:

- 1.- Propoñer ao Concello calquera tipo de actuación que teña como obxecto potenciar a participación das mulleres en igualdade en todos os ámbitos da vida municipal.
- 2.- Solicitar ás distintas Administracións, a través do Concello, todas aquelas medidas encamiñadas a corrixir situacións de desigualdade.
- 3.- Estudar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a muller e para acadar o principio de igualdade.
- 4.- Transversalizar e integrar os principios de igualdade en políticas municipais así como nas accións do Concello.
- 5.- Informar, debater e difundir temas sobre os dereitos das mulleres.
6. Apoiar e fomentar o asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidariedade.
- 7.- Velar pola aplicación do principio de igualdade nas actuacións municipais.
- 8.- Participar no seguimento do Plan de Igualdade Municipal.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

9.- Decidir cada ano as persoas ou organismos aos que se lles outorgará o premio MECA DE IGUALDADE

10.- Contribuír ao recoñecemento das mulleres e dos colectivos LGTBIQ, defender os seus dereitos e promover a súa participación real nos diferentes ámbitos de actividade e espazos da vida.

11.- Facer seguimento para o cumprimento dos obxetivos.

## **ARTIGO 2.- COMPOSICIÓN**

O Consello Local de Igualdade estará integrado por:

- Presidente ou presidenta: o alcalde ou alcaldesa, ou a concelleira en quen delegue.
- Un/unha concelleira/o de cada grupo municipal dos que conforman a Corporación do Concello, designada polo seu grupo. De non existir, poderá designarse polo grupo un/ha representante que non sexa membro da Corporación.
- Un/unha representante de cada unha das Asociacións de Mulleres do Grove, que deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Un/unha representante de cada unha das secretarías da Muller dos Sindicatos que estén en activo (se existen) con representación no municipio.
- Un/unha representante das organización comerciais ou empresariais (se existisen).
- Representantes a elixir entre as vogalías da muller das asociacións inscritas no REDIM, no caso de que o solicitasen: Anpas, Consellos Escolares, Asociación LGTBI, Asociacións de veciños,...

## **ARTIGO 3.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO**

No seo do Consello poderán constituírse as seguintes comisións de traballo, que se corresponden coas áreas recollidas no Plan de Igualdade municipal:

- Coeducación en igualdade.
- Empoderamento na vida política e socioeconómica.
- Promoción da igualdade no mercado laboral e na formación para o emprego.
- Conciliación dos tempos persoais e sociais.
- Área de benestar e calidade de vida.
- Abordaxe integral da violencia de xénero.

Estas comisións poderanse ampliar ou diminuír segundo considere oportuno o Consello.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

**ARTIGO 4.- DAS ACTAS DAS SESIÓNS**

As actas do Consello Local de Igualdade terán carácter de documento público, polo que a Secretaría Xeral do Concello designará un/unha traballador/a do Concello para levantar acta de cada sesión, exercendo como fedatario/a ou no seu defecto, poderá actuar como secretaria unha vogal do Consello Local de Igualdade elexida entre as súas integrantes.

**ARTIGO 5.- DA CONVOCATORIA DAS SESIÓNS DO CONSELLO**

A convocatoria das sesións ordinarias deberá realizarse, pola Presidenta/e do Consello, cunha antelación mínima de cinco días á data da xuntanza.

As sesións extraordinarias serán convocadas pola presidencia a iniciativa propia nun prazo de 5 días hábiles dende a súa convocatoria ou cando así o soliciten as 3/5 partes das membros do Consello nun prazo máximo de tres días hábiles seguintes á data da solicitude no Rexistro Municipal.

A Concellaría de Igualdade, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, porá a disposición das membros do Consello a documentación necesaria para o axeitado desenvolvemento das súas tarefas.

O Consello Local de Igualdade celebrará sesión ordinaria cando menos unha vez cada tres meses.

O Consello considerarase válidamente constituído cando se convocase de forma regulamentaria e estean presentes a maioría absoluta das persoas integrantes en primeira convocatoria e a metade das mesmas nunha segunda convocatoria, sempre e cando figure entre elas quen ostente a Presidencia ou a súa persoa substituínte.

**ARTIGO 6.- DOS ACORDOS**

O pleno adoptará os seus acordos por consenso.

Polo xeral, o voto será público. Se a maioría das persoas presentes na sesión o solicitase o voto poderá ser secreto.

As decisións serán tomadas pola maioría simple das representantes presentes na sesión do Consello, agás aquelas para as que por regulamentación se esixa maioría cualificada (absoluta).

Nos casos de votación con resultado de empate, efectuarase una nova votación. Se persistise o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

**ARTIGO 7.- MESA DO CONSELLO**

O Consello Local de Igualdade conta cos seguintes cargos unipersoais, que formarán a Mesa do Consello:

- Presidente/a.
- Vicepresidenta.
- Secretaria.
- Vogais
- Vogais das Comisións de Traballo.

**ARTIGO 8.- DA PRESIDENCIA**

O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa ou concelleira en quen delegue. Serán funcións da presidencia:

- Convocar e presidir as reunións.
- Representar ao Consello.
- Preparar a orde do día.
- Ordenar os debates e someter a votación os acordos.
- Executar os acordos do Consello.
- Velar pola correcta aplicación das normas contidas neste Regulamento.

**ARTIGO 9.- DA VICEPRESIDENCIA**

A vicepresidenta será elixida polo pleno do Consello, entre as membros non corporativas, na primeira sesión logo da constitución do Consello.

Para ser elixida Vicepresidenta requírese o voto favorable da maioría absoluta en primeira votación.

De non obter ningunha candidata esa maioría, resultará elixida na votación seguinte a que acade máis votos.

Serán as súas funcións:

- 1.- Asistir á presidencia do Consello nos asuntos que esta requira.
- 2.- Substituír á/ao Presidenta/e, por delegación desta/e nos casos de ausencia ou enfermidade.

**ARTIGO 10.- DA SECRETARÍA**

Será desempeñada polo funcionario/a ou traballador/a do Concello nomeada/o pola Secretaría do Concello ou no seu defecto, por un ou unha integrante do Consello Local de Igualdade elixido/a polos seus membros.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

A Secretaria será a responsable de realizar e enviar as convocatorias das reunións, do levantamento de actas de cada xuntanza, de facilitar (coa autorización da presidencia) a documentación necesaria e de levar de forma actualizada o rexistro dos membros do CLI e das súas comisións de traballo.

Sempre que sexa un funcionario/a do Concello asistirá ás reunións con voz e sen voto. No caso de que a secretaria sexa membro do CLI, asistirá con voz e con voto.

### **ARTIGO 11.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO**

O Consello Local de Igualdade decidirá a constitución de comisións de traballo con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación en materia da súa competencia.

Poderán participar nas Comisións de traballo aquelas persoas que sexan requiridas polo Consello, ou que o soliciten formalmente diante deste organismo, para presentar informes técnicos ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ao colectivo que representan.

### **ARTIGO 12.- ELECCIÓNS DAS CONSELLEIRAS**

As integrantes do Consello Local de Igualdade serán renovadas, aínda que poidan ser nomeadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación Municipal, e no prazo máximo de tres meses despois de constituída.

Para iso, a presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder á renovación cando proceda.

O/a presidente/a será o/a alcalde/alcaldesa en quen delegue.

A elección realizarase do seguinte xeito:

- A/o vicepresidenta/e será elixida/o polo pleno do Consello.
- Un/unha concelleiro/a de cada grupo municipal dos que conforman a Corporación do Concello, designada/o polo seu grupo. De non existir, poderá designarse polo grupo un/unha representante que non sexa membro da Corporación.
- Unha representante de cada asociación de mulleres, elixida por cada asociación.
- As/os representantes das organizacións empresariais serán elixidas por elas mesmas.
- As/os representantes das Secretarías de Muller dos sindicatos serán designadas por cada un deles.
- Un/unha representante das asociacións municipais con vogalía de muller, que estean inscritas no REDIM, no caso de que o soliciten.



Venres, 13 de marzo de 2026

Núm. 50

- Por cada Conselleira poderá designarse un/unha suplente que asista ás xuntanzas e participe nas tarefas da titular por ausencia xustificada desta.

### ARTIGO 13.- EXTINCIÓN DOS NOMEAMENTOS

As integrantes do Consello cesarán por:

1.- Con ocasión da renovación da Corporación Municipal, como consecuencia da celebración de eleccións municipais, se ben poderán ser ratificadas polas súas respectivas asociacións ou organizacións.

2.- Revogación por parte do colectivo a quen representan.

3.- Por renuncia expresa do/a interesado/a.

4.- Por causar baixa no Rexistro Municipal.

5.- Por inasistencia inxustificada por si ou por substituta a catro (4) reunións ordinarias consecutivas ou a tres alternativas no período dun ano, previo apercebimento á asociación, entidade ou organización afectada.

6.- Por falecemento.

7. Por calquera incumprimento grave e reiterado das súas obrigas recoñecido así pola maioría absoluta das/dos membros do Consello.

### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado o anterior Regulamento do Consello de Igualdade do Concello do Grove así como a normativa anterior municipal que se opoña ou contradiga o disposto no presente Regulamento.

### DISPOSICIÓN FINAL

Primeira.- En todo o non previsto no presente Regulamento estarase ao disposto na normativa reguladora do Réxime Local e a Lei 39/2015, de 01 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segunda.- O presente Regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación.”

No Grove.

O ALCALDE

Asdo. José A. Cacabelos Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

